



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN BASES DO ENTROIDO DO 2019

EXPEDIENTE:2019/G003/000044

ANTECEDENTES:

Co obxecto de dinamizar A FESTA DO ENTROIDO e potenciar a participación da cidadanía, o Concello de Santiso organiza diferentes concursos para celebrar o Entroido: Concurso gastronómico de doces do entroido e concurso de disfraces do ano 2019

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán os dous concursos.

Anexo I: Bases concurso gastronómico de doces do entroido

Anexo II: Bases concurso de disfraces

<< ANEXO I

BASES III CONCURSO GASTRONÓMICO DE DOCES DO ENTROIDO 2019

Con motivo da celebración do Entroido 2019, o Concello de Santiso convoca un concurso gastronómico de doces, con arranxo ás seguintes bases:

1ª. Cada participante poderá participar en cantas especialidades desexe.

As especialidades son as seguintes: filloas, orellas, flores e rosquillas.

2ª. A actividade é aberta ao público polo que se poderán achegar todos aquelas persoa que así o desexen, máis para participar no concurso hai que estar empadroado no concello xa que esta actividade está dirixida aos veciños e veciñas de Santiso. Os participantes deben ter máis de 16 anos.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

3ª. A cantidade mínima de cada especialidade na que se participe será dunha ducia de unidades ou medio quilo de produto.



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

4ª. Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Rexistro do Concello, ata o día 27 de febreiro de 2019 ás 14:00 horas. A persoa que participa deberá acompañar fotocopia do seu DNI.

5ª. Existirá unha única categoría competitiva con tres premios de 150, 100 e 50 euros respectivamente.

Os gañadores daranse a coñecer no mesmo día da Festa de Entroido, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio. Os premiados deberán presentar os vales nos 3 días naturais seguintes na Casa do Concello de Santiso e indicar un número de conta onde desexen que lles sexan ingresados os cartos.

6ª. O fallo do xurado será inapelable e este estará composto polas seguintes persoas:

1.- María Jesús Rivas Moscoso

Suplente: Nicolás Castro Seoane

2.- María Carmen Pulleiro Guerreiro

Suplente: Antonio Pazo Vázquez

3.- Cristina Tato Míguez

Suplente: Teresa Mato Martínez

O xurado valorará tanto a presentación como o sabor.

7ª. Os produtos participantes serán doados para a degustación popular posterior ó concurso.

8ª. Os produtos entregaranse nun envase adecuado o domingo día 3 de marzo ás 17 horas no Pavillón Polideportivo de Arcediago.

9ª. A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumbran cos requisitos e calidades mínimas.



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Organiza Concello de Santiso. Concellaría de Cultura

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

III CONCURSO GASTRONÓMICO DE DOCES DO ENTROIDO 2019

D/Dona. _____

DNI: _____

Tel.: _____

Parroquia: _____

Especialidades nas que se inscribe:

1.- _____

2.- _____

3.- _____

4.- _____

Santiso, 5 de febreiro de 2019

Asinado:”



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

“ANEXO II

BASES DO III CONCURSO DE DISFRACES 2019

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Santiso organiza un Concurso de Disfraces o domingo 3 de marzo do 2019, a partir das 17:00h no Pavillón Polideportivo de Arcediago. Para fomentar a participación convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Concello ou ó persoal do departamento de cultura ata ese mesmo día (3 de marzo), antes da hora do concurso. A persoa que actúe como representante deberá acompañar fotocopia do seu DNI.

No momento da inscrición deberase indicar o número de compoñentes e o lema para a identificación.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

SEGUNDA: Haberá catro modalidades repartidas en adulto (individual e grupal) e infantil (individual e grupal):

Grupo adulto: Considéranse grupos un conxunto de 2 ou máis compoñentes adultos representando un mesmo motivo.

Individual adulto: Nesta modalidade poderán participar persoas de 13 anos en diante. A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

Individual infantil: Nesta modalidade poderán participar nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos, ambos inclusive.

Grupo infantil: Nesta modalidade poderán participar nenos e nenas, 2 ou máis, con idades comprendidas entre os 0 e os 12 anos, ambos inclusive.

TERCEIRA: Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

Grupo adulto:

1º Premio: Unha cesta grande con produtos típicos do Entroido

2º Premio: Unha cesta pequena con produtos típicos do Entroido

Individual adulto:

1º Premio: Unha cesta grande con produtos típicos do Entroido

2º Premio: Unha cesta pequena con produtos típicos do Entroido

Individual infantil:

Un conto

Grupo infantil:

Un conto para cada participante do grupo

CUARTA: A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso, que estará composto polas seguintes persoas:

1.- María Jesús Rivas Moscoso

Suplente: Nicolás Castro Seoane

2.- María Carmen Pulleiro Guerreiro

Suplente: Antonio Pazo Vázquez

3.- Cristina Tato Míguez

Suplente: Teresa Mato Martínez.



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

QUINTA: Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará en cada unha das categorías a orixinalidade do vestiario, o traballo feito a man e o emprego de materiais de refugallo, a maquillaxe e a simpatía á hora de involucrar ao público.

SEXTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo Xurado.

SÉTIMA: Os grupos e persoas participantes deberán, previa inscrición feita de acordo coa base 1ª, presentarse no Pavillón Polideportivo de Arcediago como mínimo media hora antes do comezo do concurso.

Os participantes que precisen de música deberano facer saber á organización e traela en formato pen drive apto para a súa reprodución; as actuacións non durarán máis de 5 minutos.

OITAVA: A orde de saída no desfile será coincidente coa orde de inscrición nas diferentes modalidades.

NOVENA: O acto é aberto ao público polo que se poderán achegar todas aquelas persoas que así o desexen, máis para poder participar no concurso débese estar empadroadado en Santiso, xa que esta é unha actividade dirixida principalmente aos veciños e veciñas de Santiso co fin de fomentar a súa participación nos eventos organizados polo concello.

DÉCIMA: A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumpran cos requisitos mínimos de calidade.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Organiza Concello de Santiso. Concellaría de Cultura

CONCURSO DE DISFRACES 2019

DOMINGO 3 DE MARZO DE 2019, A PARTIR DAS 17 HORAS



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

exp. 2019/G003/000044

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome: _____

N.I.F.: _____

Enderezo: _____

Teléfono-s: _____

Correo-s Electrónico-s:

CARACTERÍSTICAS DOS PARTICIPANTES

ADULTOS INDIVIDUAL GRUPO

INFANTIL INDIVIDUAL GRUPO

Nome do disfraz _____

Nº compoñentes: _____ Lugar de procedencia _____

O/a que asina é coñecedor-a e acepta as Bases que rexen este concurso de disfraces de Entroido do Concello de Santiso.

En Santiso a _____ de _____ de 2019.

Asinado:>>”

SEGUNDO.- Darlles publicidade mediante anuncio na páxina web do concello de Santiso e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

En Santiso, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;